

libre, convocada pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 21 de febreiro de 2006 (DOG nº 61, do 28 de marzo), modificada pola Orde do 17 de abril de 2008 (DOG nº 78, do 23 de abril) acordou, de conformidade co disposto na base II.2 da convocatoria:

Que o terceiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a/condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, quenda de acceso libre, realizarase o día 7 de marzo de 2009, no auditorio da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único, que se iniciará ás 11.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e dun bolígrafo.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

José Álvarez Robledo  
Presidente do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 26 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 14 de novembro de 2008, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 19 de novembro de 2008).*

Publicada a lista provisional e resultas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería

(<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Segundo.-Declarar excluídos definitivamente os aspirantes que figuran no anexo deste anuncio, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

### ANEXO

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Causa
Expresión corporal				
De Quadra	Belausteguigoitia	Igor	30611986-K	Sen titulación
Gastaldello		Fabiana	X-676619-F	Sen titulación
Martínez	Gallego	Carlos Clemente	32447405-V	Titulación inadecuada
Pallejá	Lozano	Esther	46691506-B	Titulación inadecuada
Sandoval	Rodríguez	Mª del Carmen	10870619-Z	Titulación inadecuada
Suárez	Páez	Marina	28498158-P	Titulación inadecuada

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Resolución do 23 de febreiro de 2009, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e trámite urgente, a contratación do servizo de limpeza e lavandería da Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense).*

A Delegación Provincial en Ourense da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar o procedemento que de seguido se cita:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: Delegación Provincial de Ourense.

c) Número de expediente: 9/2009.